




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Illas Atlánticas Exteriores. Concello: Vigo. Parroquias: Illas Cíes.
Extensión: 0,47km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Na fachada costeira interior da illa de San Martiño prevalecen os procesos sedimentarios sobre a dinámica erosiva, o que configurou un complexo sedimentario ao sur da punta de San Martiño. Fórmano a praia do mesmo nome e o cordón dunar que se prolonga principalmente pola parte inferior da ladeira a xeito de manto eólico. A continuación desenvólvese a vertente de forte desnivel ata a liña de cumios situada entre os montes Pereira e Galeira, modelando o relevo característico sobre materiais graníticos con abundancia de afloramentos de formas dómicas e acasteladas. Inclúe o EIX Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A praia de San Martiño está composta por depósitos cuaternarios de areas de praia, enmarcada no medio dunha litoloxía predominantemente granítica, de feldespato alcalino, na que tamén é posible atopar, aínda que de forma puntual, micaxistos, cuarzoaxistos e paragneises do Complexo de Cabo Home - A Lanzada.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático cálido e húmido: precipitacións medias entre 1200 mm e 1400 mm, temperaturas suaves que alcanzan valores anuais por riba de 15°C e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Vertente insular na parte central da cal se estende o complexo sedimentario da praia de San Martiño onde se localizan os arenosoles álbicos e háplicos. Na ladeira hai que mencionar a ausencia de solos profundos e evolucionados debido á pendente, o que se traduce nun dominio de solos tipo leptosol lítico con perfil esquelético e con abundancia de afloramentos do substrato rochoso.


AS AUGAS

Unha pequena valgada con canle temporal entre as elevacións montañosas Alto do Campo Grande e Monte Pereira forma a rede hídrica da unidade, con final na praia de San Martiño, bañada polas augas costeiras 20167.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e ao Parque Nacional das Illas Atlánticas. Unidade sedimentaria caracterizada pola presenza de praia e sector dunar remontante que proporciona dunas dos hábitats do grupo 21, dunas atlánticas marítimas. Existen pequenos sectores de matogueira, existindo posibilidades para as breixeiras secas europeas (4030) e as breixeiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans (4040). Algúns pequenos afloramentos proporcionan potencialidade para hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmófito. Pode aparecer algún exemplar de rebolo, que deriva de masas do hábitat 9230, bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica). Aparecen tamén algúns individuos de árbores propias de ribeira (91E0), en concreto, salgueiros.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As principais actividades destas illas son a pesca e marisqueo tradicional de carácter profesional e o turismo. No areal da praia de San Martiño existe un banco de navallas que se extraen mediante a modalidade do mergullo. A masa arborada predomina nesta unidade que ocupa todo o solo agás na extensión do areal da praia de San Martiño e as vivendas que se sitúan próximas a esta.

MORFOLOXÍA

As escasas construcións existentes sitúanse próximas á praia de San Martiño, contabilízanse tres edificacións desvinculadas co contorno natural sobre o que se asentan e do territorio que actualmente conforman as illas. Ademais tamén se aprecian as ruínas da antiga fábrica de salgadeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O único acceso permitido é por vía marítima, por medio de embarcacións privadas, solicitando previamente permiso, xa que as navieiras que parten dos portos de Vigo, Cangas e Baiona non ofrecen este servizo. Unha vez nesta illa existen camiños que conducen á praia de San Martiño, o único medio de trasladarse permitido aos visitantes é a pé.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O illamento da illa do Sur supón a escasa presenza de patrimonio na unidade. Na Idade Media instaláronse algunhas ordes relixiosas coa presenza de conventos-eremitorios, un deles en San Martiño, na illa Sur. A mediados do S. XIX instalouse unha fábrica de salgadeira nas proximidades da praia de San Martiño.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As illas Cíes son un dos destinos de maior interese turístico de Galicia por ser un espazo natural de máxima importancia dende o punto de vista ambiental e por ser considerado como un paraíso. A calidade das súas praias e as augas cristalinas que a bañan convértena noutro enclave único e de singular beleza, esta circunstancia unida á existencia dunha densa masa arborada convértena nunha paraxe illada e un remanso de tranquilidade unicamente alterado pola presenza dalgunhas vivendas na praia de San Martiño. Destaca o banco marisqueiro do areal da praia de San Martiño.

DINÁMICA DA PAISAXE

É un espazo natural que presenta un excelente grao de conservación e que non se viu apenas alterado pola acción humana. A illa foi habitada durante diferentes épocas pero nunca chegou a haber asentamentos definitivos, debido principalmente aos ataques e saqueos sufridos polos piratas, e polo abandono da poboación debido ás vicisitudes económicas atravesadas en diferentes momentos da historia, a medida que a illa se ía despoboando produciuse a afluencia masiva de turismo, a mediados do século XX. Debido á deterioración que estaban a sufrir as illas por causa das actividades humanas foron declaradas Parque Natural en 1980 e están incluídas no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia creado no ano 2002. A maior dinámica obsérvase no incremento da masa arborada, sobre todo coa introdución de especies foráneas como o eucalipto e a acacia. A mellora e creación dalgunhas pistas e camiños introduce unha mellora xeral na rede de infraestrutura de mobilidade.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O arquipélago que forman as illas Cíes é un dos espazos de maior importancia da costa atlántica que conta cun excelente grao de conservación. Ofrecen maravillosas vistas nun contorno de fermosas praias e espectaculares acantilados cunha situación illada que as converte en remansos de tranquilidade. A visión do sistema areento da praia de San Martiño co fondo escénico que conforman os acantilados incorpora un contraste que dota de grande beleza esta singular paisaxe. Escolleuse un punto de observación no Monte de Galeira cunha cota que supera os 100 m. O altísimo valor ecolóxico e ambiental desta unidade reside na súa pertenza ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e ao IBA do Contorno mariño das Rías Baixas, que a sitúa como un referente mundial. Dende 1988 incluída dentro da consideración ZEPA e tamén incluídas na Rede Natura 2000.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo








- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



